



Queridos amigos;

O Concello de Vigo, un ano máis, pon en marcha de novo o Torneo de Nadal Concello de Vigo 2017.

Este proxecto, tan importante para o Concello, é unha das mais relevantes actividades orientadas ós e ás xóvenes deportistas ó longo do ano.

Desde a Concellería, temos a firme intención de que o Torneo de Nadal siga crescendo co obxectivo de ser un referente a nivel galego.

Esta iniciativa, que coincidirá de novo co período navideño e co descanso das competicións, fará que o fútbol de base inunde a cidade coa súa vitalidade e paixón.

O noso obxectivo segue a ser o apoio á dinamización do deporte de base, e en concreto do fútbol, que ano tras ano demostra a súa fortaleza e saúde na cidade.

Na organización do torneo colaboran unha vez máis a **Fundación Vide**, a **Federación Galega de Fútbol**, o **Colexio de árbitros** e a **Asociación de Fútbol Aficionado de Vigo**, que coordinarán a actividade desde a sede da propia Fundación Vide.

O Torneo celebrarase de novo entre o 26 e o 30 de decembro, podendo participar nenos e nenas das categorías pre-benxamíns, benxamíns, alevíns en Fútbol-8, e infantís en Fútbol-11.

Na Concellería de deportes estamos seguros de que de novo o Torneo será un éxito deportivo e social, polo que vos animamos a todos e a todas a que participedes cos vosos equipos, dando ó Torneo a relevancia que merece unha cidade como a nosa.

En breve remitirémosvos toda a información precisa cos detalles necesarios.

Sei de e sempre:

Vigo, 19 de outubro de 2017

O Concelleiro de Deportes

Asdo. José Manuel Fernández Pérez.